

MANIFESTO PARA A PAZ

Bo día a todos e todas. Falamos no nome do alumnado de 1º ESO B co motivo do Día da Paz. Estamos aquí rodeados deste xardín artificial feito cunhas flores de material reciclado e cunhas pombas de papiroflexia para representar a necesidade da paz. O Día internacional da Paz é unha data sinalada nos calendarios de todo o mundo polo seu valor simbólico. É un día no que se recorda a todos os estados a importancia de loitar pola paz mundial e pola convivencia.

O día escolleuse polo aniversario da morte de Mahatma Gandhi, líder pacifista asasinado por defender e promover a non violencia e a loita pacífica contra as inxustizas. Nas súas palabras: “non hai un camiño para a paz, a paz é o camiño”. Outro pacifista tamén importante foi o cantante John Lennon que na súa canción “Imagine” convidaba a pensar un mundo sen conflitos: “Imaxina toda a xente vivindo a súa vida en paz”.

Xa fai un ano que falamos moito da Guerra de Ucraína. Recentemente países europeos tiveron que decidir axudar a Ucraína co envío de tanques. A realidade deste país é moi dura e témola máis presente pola súa proximidade, por estar involucrada Rusia que é unha potencia con armamento nuclear e polo impacto económico. Mais na actualidade estanse a dar guerras en moitos países. Siria leva 12 anos de guerra. O conflito na fronteira entre Israel e Palestina estase agravando. Yemén sofre unha guerra terrible.

Tamén en Pakistán, co ascenso talibán en Afganistán, a situación da fronteira é xa bélica. Asemade a violencia noutros países é sumamente extrema como acontece en México. Moitas das consecuencias destas guerras son: destrozo de cidades e países, as mortes da poboación, a carestía de alimentos e recursos ou a suba de prezos, o deprazamento da poboación a campos de refuxiados, a perda de dereitos básicos, etc.

Por todas estas situacións de guerra, os nenos e nenas de 1º da ESO B queremos expresar neste manifesto o noso soño de paz.

O noso soño de que paren as guerras.

O noso soño de optar pola negociación, diálogo e mediación nos conflitos.

O noso soño da eliminación do armamento nuclear.

O noso soño de deixar de lado pelexas e problemas.

O noso soño de que haxa máis paz no mundo.